



NOTA DE PRENSA 5 de abril 2019

A D.O. Ribeira Sacra promociónase en Gourmets onde participará de maridaxes con Carne de Vacún de Galicia

O **C.R.D.O. Ribeira Sacra** acode ao **Salón Gourmets**, Feira Internacional de Alimentación e Bebidas de Calidade, que se celebra no IFEMA, Recinto Feiral Juan Carlos I, entre os días **8 e 11 de abril**. A D.O. Ribeira Sacra estará presente no stand institucional da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural (Pavillón 6, G10).

A D.O. Ribeira Sacra será a encargada de abrir e pechar o **programa de Degustacións "Galicia: 35 experiencias de calidade"**. As citas cos nosos viños serán:

- Luns, 8 de abril, de 12.00 a 13.00 h.
- Martes, 9 de abril, de 15.00 a 16.00 h. degustación con IGP Pataca de Galicia.
- Mércores 10 de abril, de 17.00 a 18.00 h. degustación con IGP Grelos de Galicia, IGP Faba de Lourenzá, IGP Lacón Galego, IGP Pataca de Galicia
- Xoves, 11 de abril, de 12.00 a 13.00 h.

O viño da D.O. Ribeira Sacra será protagonista, tamén, no espazo das **IGP de Carne de Vacún de Galicia**. Todas as degustacións faranse con viños da D.O. Ribeira Sacra. As citas coa participación da D.O. Ribeira Sacra son as seguintes:

- Luns, día 8 ás 12.30 h. con IGP Tenreira Galega e IGP Vaca Galega / Boi Galego. Chef, Javier Rodríguez "Taky"
- Luns, día 8 ás 17.30 h. con IGP Tenreira Galega. Chef, Oliver Fernández
- Martes, día 9 de abril ás 12.30 h. con IGP Tenreira Galega e IGP Vaca Galega / Boi Galego. Chef, Héctor López
- Martes, día 9 ás 17.30 h. con IGP Tenreira Galega. Chef, Oliver Fernández
- Mércores, día 10 de abril ás 12.30 h. con IGP Tenreira Galega e IGP Vaca Galega / Boi Galego. Chef, José Manuel Mallón
- Mércores, día 10 de abril ás 17.30 h.

A participación neste tipo de programas facilita o dar a coñecer aos asistentes, as peculiaridades e características do viño e da viticultura na Ribeira Sacra. Á vez que se promocionan os produtos galegos con indicativo de calidade.

Os viños da Ribeira Sacra estarán tamén representados en Gourmets a través **dalgunhas das adegas amparadas pola Denominación**, que acoden con stand propio e que participarán na 24 edición do Túnel de Viño e noutras actividades de promoción dentro do Salón.



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 5 de abril 2019

O Sal3n Gourmets 3 referencia no produto de alta gama dentro do sector da gastronom3a. Cunha traxectoria de 32 edici3ns consecutivas, este Sal3n profesional dir3xese ao visitante nacional e internacional; 3 hostaler3a, restauraci3n, distribuci3n agroalimentaria, c3tering, comercio especializado, etc.

A Organizaci3n en colaboraci3n co ICEX (Instituto de Comercio Exterior), convida a xefes de compras, directores xerais e propietarios de negocios de alimentaci3n internacionais interesados na comercializaci3n de produtos delicatessen. Estes compradores potenciais prove3nen de Europa, Asia, Am3rica do Norte, Centro e Sur, Australia e Nova Zelandia.

A participaci3n en Gourmets 3 parte da camp3a de internacionalizaci3n que est3 a desenvolver a D.O. Ribeira Sacra, reforzando a presenza no estranxeiro das adegas amparadas pola Denominaci3n. As3 a seguinte cita, tras Gourmets para o C.R.D.O.R.S. ser3 **Vinexpo Burdeos**, entre o 13 e o 16 de maio.

Consello Regulador da Denominaci3n de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · Espa3a
Tel3fono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicaci3n: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribejasacra.org